



CASO PRÁCTICO

Proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu

SUPUESTO B

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 27/06/2018, outórganse dúas licenzas á entidade Construcción de Viviendas SL para construír dúas vivendas unifamiliares e peche de parcelas en dúas parcelas lindantes situadas en solo clasificado como núcleo rural polo PXOM municipal.

O día 04/07/2018 a Xunta de Goberno Local autoriza o proxecto de execución de ditas licenzas.

O día 28/11/2018 as obras son denunciadas por Don XXX por canto as mesmas non se axustan ao proxecto.

O Alcalde require ao arquitecto municipal que informe as obras executadas nas parcelas.

O día 14/12/2018 o arquitecto informa que ademais das obras de vivenda e peche de parcela, realizáronse en ámbalas dúas parcelas, obras de muro de contención, recheo e piscina, e que todas estas obras non son legalizables porque as parcelas non cumpren coa superficie mínima edificable.

O día 24/02/2019 a entidade interesada solicita a licenza de primeira ocupación da edificación licenciada. Á vista de dita solicitude, o arquitecto municipal informa con data 14/03/2019 o seguinte:

- que a obra non se axusta á licenza outorgada xa que hai novos movementos de terras, e muros de contención non previstos no proxecto.
- Construíuse unha piscina que non estaba autorizada.
- Hai falsidade documental no proxecto xa que a parcela non cumpre coa superficie mínima edificable de 500m² e as parcelas teñen 470m² cada unha
- Non procede outorgar a licenza de primeira ocupación.
- As obras non son legalizables por canto non se acada a parcela mínima edificable.

Mediante resolución do día 04/04/2019, o Alcalde rexeita a solicitude de licenza de primeira ocupación ao abeiro dos argumentos técnicos do informe antedito.

O día 19/05/2019 o interesado presenta solicitude de licenza de legalización do conxunto edificado en cada unha das parcelas, por mor da compra dunha parcela lindante a unha das parcelas edificadas. No proxecto prantexa un parcelamento, previa agrupación das tres parcelas (dúas edificadas e unha non) e posterior división en dous parcelas resultantes de 550m² cada unha delas.

Informe cantas cuestións considere oportunas no caso antedito, en especial, o procedemento ou procedementos administrativos que deben tramitarse ante dita situación, con indicación da normativa reguladora, trámites a seguir e cantas cuestións considere necesario advertir ao órgano competente na administración local, que lle solicita un informe sobre as actuacións a realizar.